



XUNTA
DE GALICIA



Museo do Pobo Galego

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA, A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A ASOCIACIÓN PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO PARA A ORGANIZACIÓN DA EXPOSICIÓN *GALICIA-BAVIERA*

En Santiago de Compostela, a 18 de xuño de 2018

REUNIDOS

Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, que actúa ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E Justo Beramendi González, presidente do padroado do Museo do Pobo Galego, con CIF nº G15037195 e domicilio en San Domingos de Bonaval, Santiago de Compostela; entidade de utilidade pública de carácter cultural, legalmente recoñecida e encadrada na definición de museos de interese para Galicia, contida no artigo 1º do Decreto 314/1986, de 16 de outubro, polo que se regula o sistema público de museos da Comunidade Autónoma de Galicia, e no exercicio das atribucións que lle confiren os Estatutos da asociación.



As partes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, declaran e manifestan que interveñen con capacidade legal necesaria e competencia suficiente para subscribir este protocolo de colaboración e, para tal efecto,

EXPOÑEN

1. Que as tres institucións representadas manteñen un compromiso permanente co estudio e a divulgación da cultura de Galicia, en virtude do cal teñen colaborado no pasado en diversas actividades.
2. Que, en adición a ese compromiso común, a Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia son membros institucionais do padroado do Museo do Pobo Galego.
3. Que por este motivo consideran de interese establecer o presente protocolo de colaboración para a realización do proxecto expositivo *GALICIA-BAVIERA*, que reunirá a obra de artistas plásticos galegos e bávaros.

En consecuencia, as partes manifestan a súa vontade de asinar este protocolo de colaboración, que se rexerá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- *Obxecto*

Este protocolo de colaboración ten como obxecto contribuír proporcionalmente con recursos de cada unha das partes para a realización da exposición *GALICIA-BAVIERA*, no marco dunha traxectoria de

intercambio que se vén mantendo desde hai máis de vinte anos entre artistas galegos e bávaros.

SEGUNDA.- *Contido*

No cuarto trimestre do ano 2018 celebrarase nas salas de exposicións do Museo do Pobo Galego a mostra, que reunirá obras dos artistas plásticos que se relacionan no Anexo 1.

Como complemento da exposición celebraranse unhas xornadas de encontro que serán previamente fixadas polas partes participantes neste Protocolo.

TERCEIRA.- *Financiamento*

Cada unha das partes financiará as actividades a realizar, de acordo coas previsións e conceptos de investimento que se recollen no Anexo 2.

CUARTA.- *Publicación*

O contido da exposición será recollido nun libro-catálogo.

QUINTA.- *Difusión*

A actividade será obxecto dunha presentación oficial en rolda de prensa, a celebrar na sede do Museo do Pobo Galego no mes de setembro de 2018.

En todos os soportes de difusión e promoción recolleranse adecuadamente as imaxes corporativas das institucións asinantes. A difusión e envíos masivos centralizaranse no Museo do Pobo Galego, tras a aceptación expresa de todas as partes dos materiais e contidos a divulgar, sen prexuízo de que os contidos poidan incluirse nas respectivas páxinas

web e soportes publicitarios de cada institución logo da súa presentación en rolda de prensa.

SEXTA.- *Vixencia*

Este protocolo de colaboración surtirá efectos desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2018, non existindo a posibilidade de prorrogalo tacitamente.

SÉTIMA.- *Seguimento*

Para o desenvolvemento, organización, supervisión, control, así como para os aspectos relacionados coa interpretación, modificación, resolución e efectos deste protocolo crearase unha comisión mixta paritaria, na que participarán dúas persoas por cada parte, designadas respectivamente polo Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia e o Museo do Pobo Galego, que será a encargada de resolver en primeira instancia estas cuestiós.

OITAVA.- *Resolución*

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste protocolo por unha das partes facultará as outras para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa realizado.

NOVENA.- *Carácter do convenio de colaboración*

Os acordos que se reflictan neste protocolo e nos acordos específicos que se puideran asinar con posterioridade terán sempre carácter administrativo e non se deriva deles, en ningún dos casos, dereitos ou obrigas de carácter laboral.

DÉCIMA.- *Xurisdición competente*

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento deste protocolo serán coñecidos, en primeira instancia, pola comisión mixta. En caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos xulgados e tribunais de Santiago de Compostela.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio en exemplar triplicado no lugar e data indicados ao inicio.

O conselleiro de Cultura,
Educación e O.U. da
Xunta de Galicia

Román Rodríguez
González

O presidente do
Parlamento de Galicia

Miguel Ángel
Santalices Vieira

O presidente do Museo
do Pobo Galego

Justo Beramendi
González

ANEXO 1. RELACIÓN DE ARTISTAS PARTICIPANTES

<u>Artistas de Galicia</u>	<u>Artistas de Baviera</u>
Alfonso Costas	Waltraud Danzig
Amelia Palacios	Wolfgang Kretzer
Pedro Bueno	Hubert Huber
Carmen Hermo	Anja Kutzki
Enrique Velasco	Stefan Meisl
Soledad Pite	Otto Müller
Tino Poza	Verena Schönhofer
Antón Sobral	Ernst Zahnweh
Ruth Montiel	Helga Mader
Xosé Vázquez Castro	Ilona Maier
Maribel Longueira	Karin Hözlwimmer
Tino Canicoba	Gerhard Mader
Manuel Gandullo	
Jorge Valenciano	
Miguel Pereira	
Xulio Gil	

ANEXO 2. CONCEPTOS DE INVESTIMENTO

PARLAMENTO DE GALICIA:

- Edición do catálogo.
- Difusión da exposición.

XUNTA DE GALICIA (a través da Secretaría xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e O.U.): 9.000 euros, impuestos incluídos

- Producción da exposición.
- Encontro científico cos artistas.
- Difusión da exposición.

MUSEO DO POBO GALEGO:

- Cesión das salas de exposicións temporais para a realización da exposición.
- Montaxe e desmontaxe.
- Difusión da exposición.